




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Mariña Lucense. Sector: Mariña Occidental. Municipio: Cervo. Parroquia: Santa María de Leiro. Extensión: 2,98Km2

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

O dominio granítico en costa baixa comporta un relevo ondulado e proxecta o fluxo atmosférico mariño cara ao interior. O carácter diferencial da unidade achégao a península de San Cibrao, un monte granítico unido a terra por un tómbolo areoso. No seu illamento e posterior unión sedimentolóxica influíu o retroceso costeiro diferencial e as achegas sedimentarias do río Cobo, que desemboca nesta localidade procedente dos Montes dos Cabaleiros. Inclúe o EIX Penínsulas de Galicia: Península de San Cibrao.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Toda a unidade entra o dominio hercínico, en concreto un granito de dúas micas. Aparecen fracturas importantes en dirección oeste-noroeste a oeste-suroeste.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

O ambiente climático defínese como Cálido, temperatura media anual superior a 14°C, e Seco, cun rango de precipitacións limitado polos 800mm e os 1000mm anuais. A amplitude térmica anual non excede os 13,5°C.

OS SOLOS

A cunca baixa do Río Covo discorre sobre materiais graníticos sobre os que se desenvolven cambisais dísticos, a excepción de áreas de antrosais en torno a San Cibrao e os fértiles solos de veiga (fluvisais hápticos) do fondo do val principal.


AS AUGAS

Rede fluvial xerarquizada polo curso baixo do Río Covo que verte na masa de Augas Costeiras 20168, formando un estreito esteiro xunto ao núcleo de San Cibrao.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Os ilotes Sombriza, A Baixa e Farallóns inclúense no LIC Costa mariña Occidental. É unha unidade variada con cantís costeiros atlánticos (1230), ben desenvolvidos na fronte peninsular. A aparición dun tómbolo e a desembocadura do río Covo desenvolve áreas intermareais do hábitat 1140 "Chairas lamacentas e areosas que non están cubertos de auga cando hai marea baixa". O manto eólico do Cabo San Cibrao e o propio tómbolo suman os hábitats do grupo "Dunas marítimas das costas atlánticas, do mar do Norte e do Báltico" (21; 2110-2120-2130). Unidade moi transformada sen hábitats continentais destacados pola súa extensión ou composición.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Existe unha ampla diversidade de usos repartidos pola unidade: O núcleo urbano de San Cibrao ocupa o espazo da marxe dereita da Ría de Lieiro e Península de San Cibrao, estendendo a súa área de influencia á marxe esquerda da ría onde se empra o núcleo rural de Lieiro; a fronte costeira non rochosa está cuberta por formacións vexetais costeiras con algúns bosquetes de arboredo de repoboación; os terreos cuxo uso tradicional foi o cultivo non presentan grande extensión superficial nin continuidade territorial, co que aparecen dispersos pola unidade como redutos do pasado, do mesmo xeito que algúns prados de sega; cara ao interior, o uso predominante é o forestal como consecuencia dos procesos de repoboación do monte, aínda que, perduran redutos do bosque de carballo orixinal ao pé do Alto da Venda.

MORFOLOXÍA

O núcleo de identidade litoral de San Cibrao, presenta un modelo de agrupación concentrado a partir dun asentamento de orixe pesqueira. A morfotopoxía tradicional aínda se conserva na zona de conexión entre a terra firme e a península que caracteriza á unidade. Con todo, o importante crecemento que experimentou esta poboación, como consecuencia do seu atractivo turístico e á crecida económica apoiada na industria de Alcoa-Alúminia, xera tipoloxías características de contornas urbanas con edificios de maior altura dispostos en liña en función dos eixos viarios. Na periferia do núcleo, que se estende máis aló do ámbito da unidade, localízanse instalacións e equipamentos de carácter público e privado xunto ao uso residencial combinando bloques de varias alturas e urbanizacións de carácter unifamiliar. A influencia do núcleo de San Cibrao chega alén da ría de Lieiro, onde o núcleo homónimo, de carácter tradicional, comeza a contaxiarse da presión urbana exercida por San Cibrao.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede de comunicacións presenta unha importante densidade no conxunto da unidade. As principais infraestruturas discorren paralelas á costa pero gardando unha distancia considerable ao mar. A liña de FEVE, conta cun apeadeiro nos arredores do núcleo e cruza a unidade á altura da cabeceira do estuario do Lieiro. Ao seu par, a estrada costeira procedente de Burela, que unha vez en San Cibrao continúa para dar acceso ao complexo de Alúminia. A estrada N-642 discorre ao sur da unidade, tamén de SE a O e dela parten varias estradas que conectan transversalmente o interior da unidade coa costa e por tanto, co núcleo de San Cibrao. Trátanse, de leste a oeste, da LU-1501, a estrada de Bellavista, a LU-1507, e unha variante de acceso da N-642 no extremo oeste. Doutra banda, hai que sinalar a existencia do pequeno porto pesqueiro de San Cibrao en torno ao cal se orixinou o actual núcleo de poboación, ao suroeste da península do mesmo nome e ao abrigo dos temporais.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A ocupación da Península de San Cibrao desde tempos anteriores á ocupación romana é un feito constatado mediante o importante depósito arqueolóxico da Atalaia, onde se localizou un concheiro e outros restos arqueolóxicos de grande interese. En canto ao patrimonio cultural, cabe destacar a existencia na mesma península, a Capela de San Cibrao e do Faro de Atalaia inaugurado en 1864, aínda que, o que actualmente está en funcionamento data de 1979 coincidindo coa maior densidade de tráfico xerada pola instalación de Alcoa. En terra firme, destacan algunhas casas tradicionais, a capela de San Cibrao, o Museo Provincial do Mar e o Castelo Mariño; na contorna da ría destacan os pasos que permiten a conexión entre ambas as marxes do Río Lieiro, os restos dunha antiga fábrica de cerámicas e unha carpintería de ribeira tradicional; en Lieiro, algunhas das súas casas, fonte, e capela de Sto. Andrés e igrexa parroquial de Santa María.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade caracterízase pola influencia urbana do núcleo de San Cibrao. Con todo, aínda perdura un forte compoñente costeiro ligado á orixe pesqueira deste asentamento e por tanto, a súa forte relación co ámbito litoral. Boas mostras diso son o pequeno porto pesqueiro, o faro, o museo do mar ou a carpintaría de ribeira aínda activa no esteiro do Río Llieiro. Froito destas implicacións co mar, e debido á supervivencia de moitos dos seus trazos primitivos, considerouse ao núcleo de San Cibrao como Núcleo de Identidade do Litoral. En canto á organización actual, o resultado é unha organización territorial onde o foco de atracción se atopa localizado de maneira puntual nunha única poboación costeira, mentres que o resto da unidade se caracteriza, salvo excepcións puntuais, por unha escasa ausencia de procesos e accións que non alteran o modelo existente salvo para aloxar infraestruturas de comunicación que permitan o acceso á costa desde o interior e viceversa.

DINÁMICA DA PAISAXE

Crecedo demográfico que leva o correspondente crecedo do asentamento até converterse nun núcleo urbano con crecedo periférico e substitución das tipoloxías identitarias como núcleo litoral por outras máis próximas aos modelos urbanos.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

O conxunto da unidade, e esencialmente a súa fronte costeira, presenta elementos naturais de gran valor e singularidade. As características xeomorfolóxicas do sector onde se asenta o núcleo de San Cibrao son excepcionais pola combinación de dous elementos naturais de elevado interese e singularidade: a Ría de Llieiro, que xera unha importante chaira intermareal areosa catalogada no Inventario de brañas galegas, apta para o goce turístico e que ademais alberga restos patrimoniais na súa contorna como os restos da fábrica de cerámicas ou instalacións de carácter tradicional aínda en uso como a carpintaría de ribeira situada na súa marxe dereita. Doutra banda, o tómbolo areoso que une con terra firme o monte granítico onde se atopa o xacemento arqueolóxico da Atalaia, o porto e faro de San Cibrao. Da suma de ambos os elementos, ría e península, resulta un espazo catalogado como Espazo de Interese Xeomorfolóxico pero ademais é considerado como Espazo de Interese Paisaxístico, tanto polos valores que acumula como porque desde este punto é posible a contemplación non só da unidade na que inscribe, senón de boa parte deste sector da Mariña occidental, non en balde, xa existiu unha atalaia nesta localización en tempos pretéritos. Tamén é posible optar por un punto de observación situado máis cara ao interior, por exemplo o relevo que se localiza sobre o límite oeste da unidade, moi próximo á variante de acceso a San Cibrao da N-642 e que permitiría percibir o variado mosaico vexetal onde, a pesar do predomínio das especies de repoboación, se observa a presenza de bosquetes de carballo, matogueira de substitución, vexetación propia da franxa costeira, etc.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



